



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIÓNS: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O 10 DE AGOSTO DE 2017

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 249/2017, do 6 de abril,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **10 de agosto de 2017 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 13 de xullo de 2017.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior do 27 de xullo de 2017.
- 3.- Adxudicación do contrato da obra "Rúa Bordel", expte. 35/2016-OB-PNSP, incluído no PAS 2015.
- 4.- Adxudicación do contrato da obra "Praza da leña", expte. 36/2016-OB-PNSP, incluído no PAS 2015.
- 5.- Comunicación previa de obras de substitución de malla en peche existente de finca sita no lugar de Cortiñas, Sinde, Carcacia, formulada por dona Mercedes Amo García. Expediente 37/2017/CP.
- 6.- Axuda programa emerxencia social. Expediente Siuss 916.
- 7.- Axuda programa emerxencia social. Expediente Siuss 1738.
- 8.- Axuda programa emerxencia social. Expediente Siuss 1751.
- 9.- Axuda programa emerxencia social. Expediente Siuss 2302.
- 10.- Axuda programa emerxencia social. Expediente Siuss 2379.
- 11.- Aprobación de facturas e gastos.
- 12.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola intervención municipal.
- 13.- Ordenación de pagos nº 14/2017.
- 14.- Gastos de locomoción do porteiro don Juan Jamardo Pérez.
- 15.- Xustificación do pago a xustificar librado ao concelleiro de festexos don Ángel Rodríguez Conde para gastos de participación e premios da carreira de burros 2017.
- 16.- Aprobación do Padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertedura e saneamento correspondente ao segundo trimestre do 2017 (abril a xuño).
- 17.- Aprobación da certificación núm. 4-parcial da obra: "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita na ex-colexiata de Santa María de Iria-Flavia".

**18.- Renovación do contrato do seguro que cubre as consecuencias económicas dos accidentes que poida sufrir o persoal que presta servizos no Concello de Padrón.**

**19.- Rogos e preguntas.**

**Segundo.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.